



Rosalía de Castro (Santiago, 1837 - Padrón, 1885)

É a figura máis importante do Rexurdimento e de toda a historia da literatura galega, tanto pola calidade artística da súa obra como polo gran recoñecemento popular e a notable proxección da que goza.

Aínda que as circunstancias do seu nacemento e a súa primeira infancia seguen mostrando algunhas sombras, sábese con certeza que **nace en Santiago** o **23 de febreiro 1837**.

É levada por María Francisca Martínez ao hospicio do Hospital Real, quen a rexistra como filla de pais incógnitos, bautízaa cos nomes de **María Rosalía Rita** e, en calidade de madriña de bautismo, marcha de volta coa nena.

A súa nai é **María Teresa de la Cruz de Castro e Abadía**, fidalga orixinaria da **casa grande da Arretén** (Padrón). A identidade do pai é máis incerta, a maioría das biografías sinalan a José Martínez e Viojo, un crego, capelán de Santa María de Iria, nado en Ortoño (Ames).

Vida

- **En 1842** atópase vivindo en Padrón coa súa nai, solteira, e a criada e madriña María Martínez.
- **Arredor de 1850** reside xa en Santiago, onde recibe a educación propia dunha moza da fidalguía e participa nas actividades do **Liceo de la Juventud**, que era punto de encontro da mocidade intelectual como Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal etc.

Os primeiros dezanove anos, que vive entre Padrón e Santiago, son determinantes para configuraren a súa **lingua literaria**, a súa **formación cultural** e a **paisaxe física e humana** que caracterizan a súa obra.

- **En 1856** trasládase a Madrid e **comeza o seu labor literario**.

Ao longo da súa vida **muda** frecuentemente de **lugar de residencia**, **pasa** circunstancialmente **apuros económicos** e **sufre** reiterados **problemas de saúde**.

A súa ideoloxía **progresista**, **rexionalista** e **precursora do feminismo** producíralle non poucos inconvenientes.

- **En 1858** casa en Madrid con Manuel Murguía, con quen terá sete fillos entre 1859 e 1877.
- **Desde 1871** reside en Galicia, entre Lestrobe (Dodro), A Coruña, Santiago e Padrón.
- **En 1882** instálase definitivamente na **casa da Matanza en Padrón** (actual Casa-Museo de Rosalía).
- **En 1885**, o 15 de xullo, **morre en Padrón** con 48 anos. É enterrada no cemiterio de Adina.
- **En 1891** os seus restos son trasladados ao **Panteón de Galegos Ilustres** na capital de Galicia.

Obra literaria

Data	Poesía	Prosa	Caracterización
1857	<i>La flor</i>		- Obras de mocidade - Forte influxo romántico - Un libro de poesía e dúas novelas
1859		<i>La hija del mar</i>	
1861		<i>Flavio</i>	
1863	<i>A mi madre</i>		Ton elexíaco. Escrito co gallo da morte da súa nai
	<i>Cantares gallegos</i>		Primeiro libro que se publica escrito integramente en galego
1866		<i>Ruinas</i>	Breve cadro costumista
1867		<i>El caballero de las botas azules</i>	Novela. A mellor das súas obras en prosa
1880	<i>Follas novas</i>		Derradeiro libro que publica en galego
1881		<i>El primer loco</i>	Novela breve
1884	<i>En las orillas del Sar</i>		Cume da literatura española do século XIX
1923		<i>Conto gallego</i>	Publicado postumamente, escrito en galego

Publicou ademais algúns artigos xornalísticos en diferentes revistas.

O recoñecemento á súa **obra en castelán** chega postumamente, cando os modernistas (Juan Ramón Jiménez) e a Xeración do 98 (Azorín, Unamuno) descubran o carácter innovador e progresivo da súa arte e destaquen a orixinalidade, a variedade e o calado da súa lírica, nomeadamente de *En las orillas del Sar*.



Cantares gallegos (1863)

A **primeira edición** deste primeiro libro publicado integramente en galego sae do prelo do vigués Juan Compañel en 1863. Tras da dedicatoria a Fernán Caballero, Rosalía consigna unha data: **17 de maio de 1863**. Este acontecemento ficará na historia de Galicia como o fito co que se inaugura simbolicamente o Rexurdimento das letras galegas.

Desde a **segunda edición** (1872) e última en vida da autora, consta de **trinta e seis poemas orixinais** (catro máis que en 1863) onde se abordan distintas **temáticas**. Basicamente:

- **Costumista-folclórica**. Poemas descritivos de tipos e costumes galegos (o gaiteiro, as devocións populares, as romarías etc.).
- **Amorosa**. Poemas nos que unha muller, preferentemente, ou un home expoñen a súa coita amorosa. Poden ser monólogos ou diálogos.
- **Denuncia**. Composicións nas que se tratan problemas de índole social como a emigración ou a marxinación do país. Constitúen unha protesta contra a mísera situación que sofre o pobo galego e contra a paupérrima imaxe que se ten do país no reino de España.
- **Intimista**. Dúas composicións, “**Campanas de Bastabales**” e “**Como chove miudiño**”, nas que a evocación da terra ou dos amigos e familiares esperta a saudade.

Formalmente mostra unha clara influencia da expresividade popular.

Predominan os modelos métricos tradicionais, con preferencia polos **versos de arte menor** (sobre todo o **octosílabo**) e pola **rima asonante**.

Cabe mencionar a adaptación do **ritmo da muiñeira** co emprego ocasional do **verso** chamado de ‘**gaita galega**’: **decasílabo** (adoita levar os acentos principais nas sílabas terceira –ou cuarta– e novena), **hendecacílabo** (cos acentos na cuarta e décima) ou **dodecasílabo** (cos acentos na sílabas quinta e undécima), xeralmente partidos en dous hemistiquios e coa rima no segundo:

HAS de canTAR meNIña gaiTEira; // HAS de canTAR que me MORro de PEña.
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11

VENTe raPAsa VENTe miNIña // VENTe a laVAR no piLÓN da fontIña.
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12

Estilisticamente é destacable o uso de figuras retóricas baseadas na repetición de elementos (**aliteración**, **anáfora**...) e a abundancia das **comparacións poéticas**, a miúdo tiradas da lingua común.

A obra parece responder a un plan global de **estruturación do conxunto**; o **primeiro poema é unha invitación** feita a unha moza para que cante (*Has de cantar// que che hei de dar zonzos;// has de cantar// que che hei de dar moitos*) e o derradeiro é o **testemuño de a moza ter feito o que se lle demandaba** (*Eu cantar, cantar, cantei// a grasia non era moita*), nun exemplo de **estrutura circular**. Polos outros poemas van desfilando diversos suxeitos líricos que ocupan o lugar da meniña cantora.

A publicación de *Cantares* foi acollida con entusiasmo dentro de Galicia e proporcionoulle á autora unha notable sona no exterior, particularmente en Cataluña, segundo M. Murguía, e en Portugal. No **1872** tirouse en **Madrid** unha **segunda edición**, considerada **a canónica** por ser a última publicada en vida da autora e que incorpora **catro poemas novos** á edición de 1863 ata completar os **trinta e seis orixinais**. A **difusión da obra foi parcial**, a través de poemas soltos en revistas e xornais ou mesmo en antoloxías, e cinguida aos poemas máis folclóricos, o que contribuíu a dar unha imaxe deformada da poesía de Rosalía.

Follas novas (1880)

En **1880** publica o seu segundo e derradeiro libro de poemas en galego. No limiar de **Follas novas** Rosalía dá testemuño da súa decisión de non volver escribir en galego:

“Alá van pois as FOLLAS NOVAS, que mellor se dirían vellas porque o son e últimas porque, pagada xa a deuda en que me parecía estar coa miña terra, difícil é que volva a escribir máis versos na lingua materna”.

As razóns desta renuncia non están moi claras, pero nesa decisión deberon pesar moito certas críticas negativas recibidas pola autora.

As poesías desta obra foron compostas en diferentes momentos da vida de Rosalía e responden a diversas motivacións e circunstancias. Trátase, pois, dun **monllo de poemas reunidos** que non responden a un plan de conxunto previo, pero **onde atopamos o máis logrado da súa produción en galego**.

En **Follas novas** conxúgase **o persoal co social** e transítase **desde o subxectivo ao colectivo**. Constitúe un fito que demostra a capacidade para desenvolver en galego calquera tema, desde a reflexión metafísica á metaliteraria.

Os poemas móvense nun amplo **rexistro temático**: desde o **intimismo radical** ata a **denuncia social**, desde o **costumismo** ata a **angustia existencial**, desde a **reflexión relixiosa** ata a **metapoética**.

Con relación a *Cantares gallegos*, atopamos unha **liña continuadora**, desenvolvida en poemas de inspiración popular e temática costumista ou crítica nos que predomina a visión obxectiva, e unha **liña renovadora**, naqueles poemas nos que predomina a temática **metafísica e existencial** cunha visión subxectiva marcada pola **saudade e o pesimismo**.

Esta segunda liña é a máis interesante, pois con ela Rosalía **crea por primeira vez en lingua galega unha poesía de dimensión universal**.

Formalmente *Follas novas* é unha obra **progresiva e innovadora**. Atopamos, cabo das coñecidas estruturas populares, novas formas máis atrevidas e inusitadas que delatan a **pegada do romanticismo e das correntes contemporáneas na poesía occidental**. Neste sentido cabe salientar a combinación de versos de diferente medida, así como o emprego de estrofas distintas dentro dun mesmo poema.

Estilisticamente, cómpre destacar o **complexo sistema simbólico**, esbozado en *Cantares*, que aparece plenamente desenvolvido nun formidable tapiz alegórico de inesgotable interpretación (**o cravo, a negra sombra, os tristes, a noite...**).

Os **136 poemas** que compoñen *Follas novas* aparecen organizados en cinco apartados: **I ‘Vaguedás’, II ‘Do íntimo’, III ‘Varia’, IV ‘Da terra’ e V ‘As viudas dos vivos e as viudas dos mortos’**.

Nos dous primeiros (‘Vaguedás’ e ‘Do íntimo’), desenvólvense temas de carácter **intimista** nos que predomina a **subxectividade** (saudade, desacougo, angustia...).

Nos dous últimos (‘Da terra’ e ‘As viudas dos vivos e as viudas dos mortos’), os temas desenvolvidos son de natureza **social** e **costumista** e predomina a **obxectividade** (denuncia das inxustizas, solidariedade, “feminismo”...).

No intermedio (‘Varia’) trátanse temas de natureza diversa (**sociais e intimistas**) desde diferentes perspectivas (**obxectiva e subxectiva**).

Estruturalmente, pode percibirse unha **certa cohesión temática** que progresa desde o individual ata o colectivo e que fornece o conxunto de coherencia interna. Porén, algún sector da crítica entende que esta ordenación foi feita *a posteriori* e cun criterio fundamentalmente editorial.

Follas novas é un traballo moito **máis ambicioso** que *Cantares gallegos* e **de maior calado conceptual e estético**, porén foi **acollido con frialdade**, cando non negativamente, por unha parte da crítica contemporánea, que non entendeu que unha obra desas características fose escrita en galego, pois considerábano un dialecto con limitadas posibilidades expresivas.

Prosa

Rosalía deixou inédito un conto de tipo popular, *Conto gallego*, que sería publicado en Buenos Aires no ano 1923 no “Almanaque Gallego” que dirixía Manuel de Castro.

Ademais, dentro da súa produción en prosa galega atópanse os premios das dúas obras poéticas que publicou na nosa lingua.

O galego de Rosalía

A lingua literaria que crea Rosalía baséase no galego falado no seu tempo e tamén no dos escasos exemplos literarios que atopaba; porén, vai someter este galego a un proceso de depuración: o seu referente é a lingua das cantigas populares, mais non esquece o rexistro coloquial das persoas consideradas cultas, isto é, a fidalguía galegofalante.

Baseado na lingua oral, presenta un alto índice de castelanismos, dialectalismos e vulgarismos.

- **Castelanismos:** moitos deles xa vivían infiltrados na fala popular (*suelo, nombrar, capilla, cuna...*) outros nacían do déficit que o vocabulario galego ofrecía en determinadas áreas e campos semánticos. Estes últimos son máis abundantes en *Follas novas*, onde emprega con maior profusión termos abstractos ou referentes a procesos da vida interior (*hermosa, lealtad, dicha, crudeza...*). Ás veces mesmo atopamos a forma lexítima alternando coa forma castelá (*doce/dulce, eres/es...*). Noutras ocasións o que atopamos son castelanismos solapados (*acobexar, conexo, limosneira...*)
- **Dialectalismos:** O modelo de lingua do que parte Rosalía é o galego falado na comarca compostelá (correspondente ao bloque occidental, nunha subárea de transición dentro da área fisterá sur). O trazo fonético máis característico desta zona é o seseo. Rosalía fai un uso estilístico do seseo moito máis frecuente en *Cantares gallegos* que en *Follas novas*. Útilízao fundamentalmente para caracterizar a lingua das campesiñas sobre todo das mozas (*nasín, graciosa, felís...*). Tamén neste caso as formas do galego común alternan coas dialectais (*simiterio/cimenterio ...*). Con todo, na obra de Rosalía pódese constatar o predominio dunha actitude interdialectalista que se manifesta na escolla de solucións diversas para unha mesma forma (*man, mans/maus; algúns/algús; traiciós/traizoes*).
- **Vulgarismos:** (*enxemplo, caridá, craridá...*)

Teñen moita menor repercusión outros fenómenos como: **hiperenxebrismos** (*estrano, cristaiño...*) **lusismos** ou **arcaísmos** (*corazón, canción...*).

A importancia de Rosalía na historia da literatura galega

Rosalía encarna o comezo da literatura galega contemporánea. Con *Cantares gallegos* consolida de maneira definitiva o renacer da moderna literatura galega e, con *Follas novas*, eleva o discurso poético en galego ao nivel máis alto que se puidese desexar, non inferior ao de calquera contemporáneo das literaturas da súa contorna.

Cultiva e desenvolve todas as grandes liñas temáticas da poesía galega contemporánea: a intimista e subxectiva, a costumista e paisaxística, así como a ética e de denuncia social. Crea escola e vén ser “a primeira clásica” da literatura galega.

Ademais, é precursora na defensa dos dereitos das mulleres, tanto pola súa actitude persoal como por tratar o tema en moitas das súas poesías.

O BERBÉS - VIGO — FEBREIRO 2026

